

**XXXII LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ**  
**IV LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ SPRINT**  
**V LIGA TRANSFRONTEIRIZA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL**

**2023**

# **NORMAS ANUAIS FEGADO**

(En verde, cambios aprobados na Asemblea Xeral Técnica de 3 de decembro de 2022 e Asemblea Xeral de 17 de decembro de 2022)

## **ÍNDICE**

1. DENOMINACIÓN.....	2
2. ORGANIZACIÓN .....	2
3. INSCRICIÓNS .....	2
4. CATEGORÍAS (ver Anexo 1) .....	3
5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN .....	4
6. RANKINGS INDIVIDUAIS DAS LIGA GALEGA O-PÉ E O-PÉ SPRINT 2023 .....	4
7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.....	8
8. CLASIFICACIÓN DA LIGA DE CLUBS .....	9
9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS .....	10
10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE RANKING.....	10
11. XURADO TÉCNICO.....	11
12. SUSPENSIÓN DE PROBAS .....	11
ANEXO 1. CATEGORÍAS, COTAS E ACORDOS VIXENTES TEMPADA 2023.....	13
ANEXO 2a. CALENDARIO XXXII LIGA GALLEGA O-PÉ .....	15
ANEXO 2b. CALENDARIO IV LIGA GALLEGA O-PÉ SPRINT .....	15
ANEXO 3. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES .....	16
ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA.....	20
ANEXO 5. PROTOCOLO FISICOVID FEGADO .....	21

## 1. DENOMINACIÓN

XXXII Liga Galega de Orientación a Pé, tempada 2023.

IV Liga Galega de Orientación a Pé Sprint, tempada 2023.

V Liga Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal, tempada 2023.

## 2. ORGANIZACIÓN

**2.1.** A organización da Liga Galega de Orientación a Pé e da Liga Galega de Orientación a Pé Sprint estará a cargo da Federación Galega de Orientación (FEGADO). As competicións oficiais federadas serán organizadas pola Federación de forma directa ou mediante adxudicación a calquera entidade deportiva ou persoa física ou xurídica.

**2.2.** A Liga Transfronteiriza (LTF) corresponde a unha organización conxunta entre a FEGADO e un grupo de clubs do Norte de Portugal. Ten por obxectivo desenrolar a cooperación transfronteiriza na organización de eventos de Orientación a Pé en bosque. Estará integrada por unha selección consensuada de probas puntuables extraída de cada un dos calendarios oficiais.

As probas realizadas en Galicia estarán sometidas ao Regulamento de Orientación da FEGADO e ás presentes Normas Anuais. As probas realizadas en Portugal, estarán rexidas polo Regulamento de Competições da Federação Portuguesa de Orientação.

O Regulamento da Liga Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal de Orientação estará publicado na web da FEGADO e detallará aspectos específicos comúns coma inscricións (*inscrições*), categorías (*escalões de competição*), criterios de ranking, criterios de premios e calendario (*provas integrantes*).

## 3. INSCRICIÓN

**3.1.** As inscricións de **persoas** deportistas serán realizadas **a través dos clubs** ós que pertencen os corredores e as corredoras, con indicación do nome, apelidos, categoría, e número de licenza federativa e de dorsal na Liga. A falla de calquera destes datos fará a inscrición nula. Os clubs terán que utilizar o **formulario oficial** de inscricións que lle facilitará a FEGADO.

Cada corredor e corredora con licenza federativa en vigor para a tempada 2023, disporá dun **dorsal oficial** para toda a Liga, que será obrigado levar visible no peito nas probas en que participe. Como excepción, a Dirección Técnica da FEGADO poderá autorizar o uso doutros dorsais en probas con patrocinio específico. Non se dará saída sen dorsal. Abonarse unha cota se é preciso repoñelo. Ver Anexo 1.

Os/as non federados/as poderán correr sen dorsal.

**3.2.** As inscricións de corredores/as federados/as deberán ser efectuadas **antes do domingo**, ás 23:50 horas, da semana da proba. Máis tarde, o club organizador poderá non aceptalas ou consideralas «con recargo». Como norma xeral, no se admitirán solicitudes de franxa horaria de saída, excepción feita de casos moi xustificados ou de forza maior, sendo debidamente expostos de forma pública.

**3.3.** As persoas deportistas non federadas terán que inscribirse obrigatoriamente **antes do domingo**, ás **23:50** horas, da semana da proba. O club organizador xestionará a súa **licenza de proba**, que inclúe o seguro correspondente.

**3.4.** Facilitarase a inscrición por parte de tódolos clubs a aquelas persoas deportistas federadas de clubs non FEGADO (facendo constar en todo caso o seu club de pertenza ou o seu carácter independente), e ás persoas non federadas que se inicien na orientación.

**3.5.** A organización de cada proba, na medida do posible, facilitará antes do día da proba as horas de saída ós clubs, vía web FEGADO.

**3.6.** As persoas responsables da organización das inscricións de cada competición poderán esixir a presentación da licenza a tódolos/as deportistas co fin de confirmar a axeitada inscrición. En casos especiais, poderá dar fe da corrección dos datos o/a delegado/a do club, que terá que estar debidamente acreditado/a e identificado/a.

## **4. CATEGORÍAS (ver Anexo 1)**

**4.1.** Para facilitar a organización das probas de ambas Ligas, así como a elaboración dos *rankings*, as persoas participantes agruparanse en categorías.

**4.2.** A organización dunha proba pode preparar tantos percorridos como considere oportuno, tendo en conta as seguintes categorías:

Iniciación curta | Iniciación longa | M-12, F-12 | M-14, F-14 | M-16, F-16 | M-18, F-18 | M-55, F-55 | M-50, F-50 | M-45, F-45 | M-40, F-40 | M-35, F-35 | M-21B, F-21B | M-21A, F-21A | E, F-E.

**4.2.bis.** Elaborarase un *ranking* oficial para cada categoría enriba citada, coa excepcións das Iniciacións, curta e longa, consonte ó disposto no apartado 6. **As Xuízas/ os Xuíces de Cronometraxe Os técnicos SPORTident** utilizarán a denominación oficial das categorías que aparece reflectida no apartado 4.2, respectando estritamente o formato (guións e maiúsculas).

**4.3.** Unha **persoa** deportista federada que así o considere, poderá participar nunha categoría inferior á que lle corresponda, considerando fóra de competición (NC). Poderá participar dentro de competición en calquera categoría que lle corresponda, aínda que para o *ranking* galego será de aplicación o contemplado no apartado 6.

**4.4.** **As persoas** deportistas non federadas, independentemente da idade, so poderán inscribirse para participar na categoría de Iniciación Curta ou Longa.

## 5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN

(Sen contido)

## 6. RANKINGS INDIVIDUAIS DAS LIGA GALEGA O-PÉ E O-PÉ SPRINT 2023

### 6.1. Requisitos para que unha **persoa** deportista poda figurar nos *rankings*:

- Pertencer a un club de orientación da FEGADO, con licenza por el.
- Participar na categoría correspondente á súa idade, ou ben nalgunha de nivel superior (ver *Anexo 1*):
  - a) de idade superior ata M/F-21 (inclusive) se é menor de 20 anos (inclusive).
  - b) de idade inferior ata M/F-21(inclusive), se é maior de 35 anos (inclusive).
- Ter licenza federativa en vigor para a tempada **2023**.

As puntuacións **dunha persoa** deportista empezarán a ser válidas para o *ranking* da Liga Galega a partir do momento en que cumpra os requisitos anteriores.

## 6.2. Probas puntuables:

**Media e Longa distancia.** Para a tempada 2023 hai inicialmente un total de **once (11)** probas que puntúan para o *ranking* de O-Pé. Cada corredor **ou corredora** sumará os puntos dos mellores resultados obtidos, tomando os correspondentes ó 70 por cen do total de probas, redondeando o decimal ó enteiro máis próximo (para 11 probas puntúan 8 resultados; para 10 probas puntúan 7 resultados; para 9 probas puntúan 6 resultados; para 8 probas puntúan 6 resultados; para 7 probas puntúan 5 resultados; para 6 probas puntúan 4 resultados; para 5 probas puntúan 4 resultados; para 4 probas puntúan 3 resultados e para 3 probas puntúan 2 resultados).

**Sprint.** Para a tempada 2023 hai inicialmente un total de **seis (6)** probas que puntúan para o *ranking* de O-Pé Sprint. Cada corredor sumará os puntos dos mellores resultados obtidos, tomando os correspondentes ó 70 por cen do total de probas, redondeando o decimal ó enteiro máis próximo (para 6 probas puntúan 4 resultados; para 5 probas puntúan 4 resultados; para 4 probas puntúan 3 resultados e para 3 probas puntúan 2 resultados).

Para a activación da elaboración de ambos rankings independentes, será necesario que se disputen un mínimo de dúas (2) probas en cada especialidade. Neste caso as dúas probas sumarían os puntos para a elaboración do ranking, non sendo de aplicación a norma do 70 por cento do total de probas.

### 6.3. Sistema de puntuación:

Proba diúrna individual tipo clásica, media ou sprint:

Á **persoa** vencedora dunha proba, nunha categoría, outorgaráselle a cantidade de 100 puntos. O resto de corredores **ou corredoras** da categoría puntuarán en función da diferenza de tempos con respecto á **persoa** gañadora, e en base á seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor/a} = (\text{Tempo gañador/a} / \text{Tempo corredor/a}) \times 100$$

O número de puntos obtido será redondeado a número enteiro inferior.

Proba diúrna individual tipo scoring:

Á **persoa** vencedora da proba, nunha categoría, outorgaráselle 100 puntos para o *ranking*. O resto de corredores **ou corredoras** da categoría puntuarán en función da diferenza de puntos con respecto ó gañador, e seguindo a seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor/a} = (\text{Puntuación corredor/a} / \text{Puntuación gañador/a}) \times 100$$

O número de puntos obtido redondearase a número enteiro inferior. Se a puntuación na proba dun corredor **ou dunha corredora** foi inferior a 0, entón para o *ranking* aplicaráselle unha puntuación de 0.

- Os/as deportistas que non rematen axeitadamente unha proba aparecerán nos listados coma “error en tarj” (ERROR).
- Os/as deportistas que tomando parte na proba se retiren deixando 5 ou máis controis sen rexistrar aparecerán nos listados como “abandona” (ABAND).
- Os/as deportistas que foran sancionados polos/as Xuízas/ Xuíces incumprindo algunha norma aparecerán nos listados como “descualificados/as” (DESC).
- Os/as deportistas que non se presenten á proba aparecerán nos listados coma “non presentados” (NO SALE). Non recibirán puntuación.
- Os/as participantes que rematen a proba despois dos tempos máximos de carreira aparecerán nos listados como “fora de control” (FC).
- Os/as participantes fóra de competición (NC) non obterán puntuación algunha para o *ranking*.
- **Só se pode puntuar nunha categoría**, tanto para o *ranking* individual coma de clubs. Se un corredor **ou corredora** participa en varias, ás que poda ter dereito, antes de celebrada a 5ª xornada o seu club deberá notificar á persoa responsable de *ranking* da FEGADO a categoría na que se incluírá ó corredor **ou á corredora**. En caso de non facelo, será incluído/a naquela categoría en que máis teña competido. Serán anuladas nos dous tipos de *ranking* as puntuacións obtidas nas outras categorías en que puidese ter participado.
- Todo/a participante inscrito/a que tome a saída recibirá un mínimo de 10 puntos, excepto os/as descualificados/as que non recibirán puntos.

#### 6.4. Probas anuladas:

Unha proba ou categoría será anulada, unha vez celebrada, cando así o decida a **Xuíza/ o Xuíz Controlador/a** de dita proba.

Se unha proba ou categoría é anulada, unha vez que se celebrou, aplicarase ós afectados un factor de corrección. Este factor será igual á media de puntos, de ata os 4 mellores resultados obtidos ó longo das competicións que forman parte da Liga nas que teña participado.

Na confección do *ranking* non se porá límite ó número de probas anuladas para as que se outorga un factor de corrección.

#### 6.5. Persoas da organización e Xuízas/ Xuíces designados pola FEGADO

Aquelas **persoas** deportistas federadas membros da organización dunha proba que estiveran implicadas en tarefas que lles impidan tomar parte na **competición**, poderán obter unha puntuación coma organizador/a nun máximo de dúas (2) **probas**, segundo a seguinte **metodoloxía**:

Aplicaráselle un factor de corrección, que consistirá en asignar como puntuación para a proba organizada, un total igual á **media das mellores puntuacións**.

Para a realización do factor de corrección das mellores puntuacións de cada organizador/a tomarase unha media do 30% do total de probas realizadas da Liga.

Logo deste enunciado poden plantexarse dous escenarios:

- a) *Se ten puntuado en solo o 30% ou menos das probas realizadas, entón a media se calculará con todos os resultados das súas probas.*
- b) *Se ten puntuado en máis do 30% das probas realizadas, será a media das mellores. Para 11, 10 e 9 probas no calendario, a media tomase en base ás súas 3 mellores puntuacións, para 8, 7, 6 e 5 pruebas nos seus 2 mellores, e para 4, 3 e 2 probas solo en base a 1 proba.*

Para a proba organizada aplicarase un mínimo de 50 puntos.

O número máximo de **persoas** deportistas que poden obter unha puntuación coma organizador/a (aparecerá como ORG no *ranking*) por proba será de 15.

Non se inclúe neste cupo ás **Xuízas/ ós Xuíces Controladores/as** e ás **Xuízas/ ós Xuíces de Cronometraxe designados pola FEGADO** (aparecerán como XC no *ranking*), **ás/ós** que tamén se lle aplicará o mesmo factor, podendo este sumar ata tres probas con factor, das que dúas como máximo coma organizador/a.7

*Nota aclaratoria:* aquelas Xuízas/aqueles Xuíces Controladores/as e de Cronometraxe que no teñan sumado ao longo da tempada ningunha proba con factor como organizador/a, poderán aplicar dito factor como Xuíza ou Xuíz en ata tres (3) probas.

Soamente poderán obter unha puntuación, coma organizador/a de probas de Liga Galega, aquelas ~~persoas deportistas participantes nas categorías a partires de M-16 ou F-16, incluídas declaradas con carácter previo no ANEXO II. FICHA ORGANIZACIÓ PROBA.~~

## 6.6. Persoas deportistas seleccionadas e aspirantes

Obterán privilexios en factores de puntuación equivalentes aos que obteñen os/as organizadores/as aquelas ~~persoas~~ deportistas federadas seleccionadas ou aspirantes que cumpran os seguintes requisitos:

- Deportistas que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar representando á Selección Nacional nalgunha competición de ámbito nacional ou internacional. A convocatoria debe estar publicada na web oficial ou no seu defecto debe ser comunicada á FEGADO pola estrutura da Dirección Técnica da FEDO.
- Deportistas aspirantes a formar parte da Selección Nacional que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar participando en probas de selección puntuables ou concentracións oficiais. A convocatoria debe estar publicada na web oficial ou no seu defecto debe ser comunicada á FEGADO pola estrutura da Dirección Técnica da FEDO.
- Deportistas que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar representando á Selección Galega nalgunha competición de ámbito estatal.

Para obter unha puntuación coma seleccionado/a ou aspirante (aparecerá como SEL no *ranking*), será imprescindible ter participado nun mínimo de dúas probas de Liga Galega. Non se establece ningún límite de número máximo de puntuacións con factor. Non se establece ningún límite de idade.

## 7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

**7.1. Declararase gañador/a** de cada categoría á ~~persoa~~ deportista que obteña a maior puntuación despois de sumar como máximo os seus mellores resultados nas probas en que teña participado, de acordo co disposto no punto 6.2.

**7.2.** En caso de empate seguiranse os seguintes **criterios de desempate**: situarase primeiro aquel/a corredor/a que teña maior cantidade de primeiros postos, en caso de que o empate persista miraranse os segundos postos, e así sucesivamente, tendo en conta que nas probas organizadas se



lles outorgará unha posición equivalente á mellor das que obtivera correndo (por exemplo, se tivera unha primeira posición, a carreira organizada valería como outra primeira posición). No caso de que continúe o empate, compararanse as clasificacións das probas en que tiveran coincidido e situarase primeiro o que resultou mellor clasificado/a máis veces (contabilizaranse tódalas probas disputadas, incluíndo as organizacións).

## 8. CLASIFICACIÓN DA LIGA DE CLUBS

**8.1.** Estableceranse tres clasificacións desagregadas por idades, a saber: idades previas á categoría absoluta (de alevín a júnior), absoluta (comprendendo as categorías elite, M/F-21A, M/F-21B) e veterano (comprendendo as categorías M/F-35, M/F-40, M/F-45, M/F-50 e M/F-55).

**8.2.** Na clasificación de clubs en idades previas á absoluta, a puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Galega 2023. Nunha proba, cada club puntuará o total de sumar as 5 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus orientadores e orientadoras (incluídas as da organización) no conxunto das categorías establecidas, tendo en conta o contemplado no apartado 6.

**8.3.** Na clasificación de clubs en categoría absoluta, a puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Galega 2023. Nunha proba, cada club puntuará o total de sumar as 5 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus orientadores e orientadoras (incluídas as de organización) no conxunto das categorías establecidas, tendo en conta o contemplado no apartado 6, e tendo en conta ademais que nas categorías M/F-21A aplicarase un coeficiente de 0,8, e nas categorías M/F21B un coeficiente de 0,7.

**8.4.** Na clasificación de clubs en categoría veteranos/as, a puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Galega 2023. Nunha proba, cada club puntuará o total de sumar as 5 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus orientadores e orientadoras (incluídas as de organización) no conxunto das categorías establecidas, tendo en conta o contemplado no apartado 6.

**8.5.** Establecerase igualmente unha clasificación adicional por clubs, resultante da suma das tres anteriores.

## 9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

**9.1.** Durante a celebración da competición publicaranse os resultados parciais da proba mediante listados. Habilitarase, na medida do posible, o seguemento online a través de plataformas do tipo *liveresultat.orienteeing.se* ou similares.

**9.2.** A organización será responsable de enviar na maior brevidade posible unha copia das clasificacións da competición organizada a tódolos clubs participantes, con inclusión dos parciais, vía web FEGADO.

**9.3.** A sección de *ranking* publicará en cada unha das probas as puntuacións obtidas polos/as deportistas ata a presente proba.

## 10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE RANKING

**10.1.** A organización enviará os resultados á persoa responsable do *ranking* en formato dixital (csv) xunto a un backup do evento, vía correo-e, e na medida do posible no mesmo día da proba, unha vez redactado o acta pola Xuíza/ polo Xuíz Controlador/a.

**10.2.** Na clasificación figurarán claramente identificados/as nas súas respectivas categorías os corredores/as con licenza federativa de tempada (competidores/as NC e FC), os que teñen licenza de proba (iniciación), e os/as non presentados/as, os/as descualificados/as e os/as retirados/as.

**10.3.** Na clasificación incluíranse os seguintes datos dos corredores e das corredoras:

(A) Categoría en que participou o corredor ou corredora. Incluirase a distancia, o desnivel e o número de controis do correspondente percorrido.

(B) Número de orde na clasificación. Deben figurar só os corredores ou corredoras con licenza federativa.

(C) Os dous apelidos completos.

(D) O nome.

(E) O nome do club, ou siglas que o identifiquen.

(F) O tempo invertido polo corredor **ou corredora** en realiza-la carreira, expresado en horas, minutos e segundos.

(G) O número da súa licenza deportiva federativa.

(H) As observacións que se consideren oportunas.

**10.4.** Tamén incluírase unha relación dos/as membros da organización que obterán a puntuación de organizador/a segundo se especifica no artigo 6.5.

Os datos remitiranse **á persoa** responsable do *ranking*:

Nome: Pablo Aller

Teléfono móbil: 687 446 709

E-mail: [rankingopie.fegado@gmail.com](mailto:rankingopie.fegado@gmail.com)

Páxina web: <http://fegado.es>

## 11. XURADO TÉCNICO

(Sen contido)

## 12. SUSPENSIÓN DE PROBAS

~~12.1. O Xuíz Controlador, tras consultar coa organización e coa dirección técnica da FEGADO, poderá suspender total ou parcialmente a celebración dunha proba antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que podan poñer en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos participantes.~~

A Xuíza/ o Xuíz Controlador/a dispón de total autoridade para suspender total ou parcialmente a realización dunha proba antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que podan poner en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos competidores/as, organizadores/as, Xuízas/ Xuíces e espectadores.

O ideal é que unha Organización actúe de xeito responsable e comunique á Xuíza/ ó Xuíz Controlador/a a solicitude de suspensión. De non ser así, a Xuíza/ o Xuíz Controlador/a, tras consultar coa organización e coa FEGADO, poderá decretar a suspensión total ou parcial da proba por '*motu proprio*'.

**12.2.** (Sen contido)

**12.3.** No caso de decretarse a suspensión da proba, a organización porase inmediatamente en contacto cos clubs, quen serán os únicos responsables de difundir a noticia entre os/as seus/súas deportistas. A organización proporá outra data para a celebración da proba, que terá que ser aprobada polo órgano competente da FEGADO.

**12.4.** No suposto de suspensión o mesmo día de celebrarse a proba, antes de reunirse os/as participantes na zona de competición procederase coa maior celeridade posible, por parte da organización, da Xuíza/ do Xuíz Controlador/a e dos clubs, para evitar ás persoas deportistas desprazamentos innecesarios. Se chegan a reunirse os/as participantes na zona de competición explicaranse as causas de dita suspensión. Neste caso, os/as participantes poderán solicitar a devolución das cotas efectivamente abonadas, sempre e cando a causa sexa exclusivamente da organización, aspecto sobre o que decidirá a Xuíza/ o Xuíz Controlador/a.

**12.5.** No caso de que non chegue a celebrarse a proba suspendida noutra data posterior, os/as inscritos/as terán dereito a que se lles aplique un factor de corrección pola proba suspendida e non celebrada, consonte o disposto na norma 6.4.

## 13. RECLAMACIÓNS

(Sen contido)

## 14. DISPOSICIÓN FINAL

(Sen contido)

## ANEXO 1. CATEGORÍAS, COTAS E ACORDOS VIXENTES TEMPADA 2023

### Categorías non oficiais:

Iniciación curta: sen límite de idade.

Iniciación longa: sen límite de idade.

M-21B, F-21B: sen límite de idade.

### Categorías oficiais:

**M-12, F-12:** persoas nadas en 2011 – 2012 ou posteriores.

**M-14, F-14:** persoas nadas en 2009 - 2010.

**M-16, F-16:** persoas nadas en 2007 - 2008.

**M-18, F-18:** persoas nadas en 2005 - 2006.

**M-21A, F-21A:** sen límite de idade.

**E, F-E:** sen límite de idade.

**M-35, F-35:** persoas nadas en 1988 e anteriores.

**M-40, F-40:** persoas nadas en 1983 e anteriores.

**M-45, F-45:** persoas nadas en 1978 e anteriores.

**M-50, F-50:** persoas nadas en 1973 e anteriores.

**M-55, F-55:** persoas nadas en 1968 e anteriores

### Cotas de inscrición en probas da Liga Galega:

- Federados/as categorías M/F-18 e inferiores: **7** euros.
- Federados/as categorías M/F-21 e superiores: **10** euros
  
- Non Federados/as, con licenza de proba e participando en Iniciación Curta: **10** euros.
- Non Federados/as, con licenza de proba e participando en Iniciación Longa: **13** euros.

❖ Recargo por inscrición fóra de prazo: **+ 100%** da cota de inscrición correspondente.

❖ Reposición de dorsal: **3** euros (recibe FEGADO).

- ❖ Cambio de tarxeta S.I., a pagar pola **persoa** deportista:
  - Unha vez pechadas as inscricións: **2** euros.
  - O día da carreira: **5** euros.

**Acordos vixentes para a tempada 2023** (obriga de compensación de gastos por parte da organización aplicando as cuantías e condicións establecidas no convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a FEGADO para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da modalidade deportiva). Aplicará ás figuras de:

- a) **Xuíza/Xuíz Controlador/a** designado/a por FEGADO.
- b) **Xuíza/Xuíz de Cronometraxe Técnico-SPORident** designado/a por FEGADO (de ser o caso).

**Cuantías e condicións máximas.** Quilometraxe en vehículo particular (0,19 €/km) | Media manutención 18,70 € | Manutención completa 37,40 € | Aloxamento 65,97 €. Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro será preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

## ANEXO 2a. CALENDARIO XXXII LIGA GALLEGA O-PÉ

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	11/03/2023	OPBZ	Vilarmaior (Betanzos)	Media	
2	01/04/2023	Fluvial	Lugo ou Guitiriz	Media	
3	22/04/2023	Compás	Lourenzá	Media	Cto. Galego Media
4	20/05/2023	Limiaactiva	Xinzo de Limia	Media	
5	03/06/2023	Budiñoraid	Oia		LTF
6	17/06/2023	VigOrienta	Torroña	Media	LTF
7	18/06/2023	VigOrienta	Vigo	Media	City Race Euro Tour
8	16/09/2023	Ártabros	Forgoselo	Longa	Cto. Galego Longa LTF
9	30/09/2023	Arnela	Monte Enxa	Longa	
10	14/10/2023	Liceo	Forgoselo-Goente		
11	28/10/2023	Gallaecia Raid	A Coruña	Media	

## ANEXO 2b. CALENDARIO IV LIGA GALLEGA O-PÉ SPRINT

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	18/02/2023	VigOrienta	Vigo (mañana)	Sprint	Cto. Galego
2	18/02/2023	VigOrienta	Vigo (tarde)	Sprint	
3	01/04/2023	Fluvial	Lugo ou Guitiriz	Sprint	
4	22/04/2023	Compás	Lourenzá	Sprint	
5	17/06/2023	VigOrienta	Gondomar o Vigo	Sprint	
6	28/10/2023	Gallaecia Raid	A Coruña	Sprint	

## ANEXO 3. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES

(pendente de ser traducido ao galego e adaptado á linguaxe inclusiva)

Siempre sobre la base de que el organizador debe contar con el permiso/autorización del titular o dueño, público o privado, del lugar o lugares de desarrollo de cualquiera de nuestras competiciones de orientación, cabría distinguir fundamentalmente las siguientes hipótesis, en relación con espacios sujetos a legislación especial:

I. SI LA PRUEBA EXIGE «COMPETIR EN ESPACIO O TIEMPO» POR «VÍAS Y TERRENOS PÚBLICOS APTOS PARA LA CIRCULACIÓN», SUJETOS A LA «LEGISLACIÓN SOBRE TRÁFICO», ENTONCES PUEDE SUCEDER:

a) Que la prueba se celebre íntegramente en casco urbano, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización del Ayuntamiento en cuestión, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre.
- La solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- A su vez, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

b) Que la prueba se celebre fuera de casco urbano, utilizando vías y terrenos públicos aptos para la circulación, o que se desarrolle en más de un término municipal, íntegramente situados dentro de nuestra comunidad autónoma, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización de la Administración autonómica, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre y siguiendo las disposiciones del Decreto 98/2020 del 2 de julio, por el que se regula el procedimiento de autorización de celebración de espectáculos públicos y actividades recreativas que se desarrollen en más de un término municipal de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Decreto 98/2020 [\[consultar\]](#)

Formulario de solicitud [\[descargar\]](#)

- Como en el caso de la letra a), la solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- Igualmente, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

II. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN «ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN», TAL COMO DELIMITADAS EN EL DECRETO AUTÓNOMICO DE GALICIA 37/2014, DE 27 MARZO, ENTONCES:



- Además de lo indicado en el apartado I, debe recabarse la autorización del órgano competente en materia de conservación de la naturaleza.
- Las «zonas de especial conservación» aparecen delimitadas en el Anexo I del citado Decreto 37/2014.
- La autorización aparece exigida por el artículo 61 (en conexión con el artículo 26) del Anexo II del propio Decreto 37/2014, y más en concreto la letra f) de su apartado 3, teniendo en cuenta que la Administración autonómica dispone de un plazo máximo de tres meses para resolver.

### III. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN MONTES O TERRENOS FORESTALES (TAL COMO DEFINIDOS EN LA LEY AUTONÓMICA 7/2012, DE 28 JUNIO, DE MONTES DE GALICIA), ENTONCES:

a) Sobre la base del concepto de «monte o terreno forestal» (contenido en el artículo 2 de la Ley 7/2012), debe recabarse «la autorización de la Administración forestal», teniendo en cuenta que previamente habrá que contar con la «autorización expresa del titular» (artículo 88, apartado 2, párrafo primero, de la Ley).

b) La solicitud de la autorización administrativa está sujeta a plazo, pues debe presentar con un anticipo «mínimo de tres meses» a la celebración de la prueba (artículo 88, apartado 2, párrafo segundo, de la Ley).

c) Deben tenerse en cuenta, además, las previsiones contra incendios, contenidas en la Ley autonómica 3/2007, de 9 abril, de prevención y defensa contra los incendios forestales, y más en concreto, las de sus artículos 31 y 32 [en especial, su apartado 1, letra i)], a cuyo tenor:

- Tanto en «época de peligro alto de incendios forestales», como «fuera de la época de peligro alto», si el «riesgo diario de incendio forestal es muy alto o extremo» (según el «Índice de Riesgo Diario de Incendio», en [http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios\\_forestais/irdi/](http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/)), es necesario autorización expresa de la propia Administración forestal.
- Tal autorización se suma a la referida en la letra b), inmediatamente anterior.
- En cuanto al plazo para recabar la autorización, dado que la clave es el «IRDI» (de carácter «diario»), no queda más remedio que estar permanentemente alerta.

#### IV. SI LA PRUEBA EXIGE LA NAVEGACIÓN EN «AGUAS MARÍTIMAS» (Y EN AGUAS DE PUERTOS), ENTONCES:

a) Ante todo, hay que estar a la definición legal de «aguas marítimas» (contenida en el Reglamento de las condiciones de seguridad marítima, de la navegación y de la vida humana en la mar aplicables a las concentraciones náuticas de carácter conmemorativo y pruebas náutico-deportivas, aprobado por Real Decreto 62/2008, de 25 enero), teniendo en cuenta que dicha definición incluye:

- «las aguas de las desembocaduras de los ríos».
- las aguas de los ríos «hasta donde se hagan sensibles los efectos de las mareas».
- «los tramos navegables de los ríos hasta donde existan puertos de interés general»

b) En relación con las pruebas desarrolladas, total o parcialmente, en tales «aguas marítimas», debe practicarse solicitud de autorización ante la capitanía marítima competente, al menos con treinta días de antelación, cumpliendo los requisitos a que se refiere el artículo 11 del citado Real Decreto 62/2008.

c) Esta autorización no exime de la obtención de otras posibles autorizaciones necesarias, pues el propio Real Decreto 62/2008 (ahora, su artículo 7, apartado 6) obliga a «solicitar y obtener las autorizaciones adicionales de otras instituciones o de las administraciones públicas que fueran precisas para la celebración del evento».

d) A tal efecto, el artículo 15 del mismo Real Decreto 62/2008 alude expresamente a un caso de autorización adicional, que es la que debe recabarse de la «autoridad portuaria competente» (cuando «la prueba se ha de celebrar en aguas de la zona de servicio de un puerto»), teniendo en cuenta que esta autorización es previa a la de la capitanía marítima (pues «la entidad organizadora adjuntará a su solicitud ante la capitanía marítima la autorización [de la autoridad portuaria]»), lo que obliga a manejar con prudencia los plazos, pues la autoridad portuaria tiene dispone de hasta tres meses para pronunciarse sobre la solicitud.

e) Lógicamente, habrá que recabarse también —en su caso— la autorización a que se refiere el apartado siguiente.

V. SI LA PRUEBA EXIGE LA UTILIZACIÓN DEL DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO (SEÑALADAMENTE, NAVEGACIÓN FLUVIAL, EN EMBALSES O PANTANOS), ENTONCES:

a) Debe recabarse el visto bueno del organismo competente en la materia de dominio público hidráulico, que puede ser alguno de los dos siguientes, en función del lugar de que se trate.

b) De un lado, la Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (<http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>), en cuyo caso bastará en principio con presentar una declaración responsable de la competencia que se pretende llevar a cabo, con quince días de antelación, ante la entidad pública Augas de Galicia, teniendo en cuenta que ésta pone un modelo de declaración responsable a disposición del interesado [[descargar modelo Declaración Responsable](#)].

— Según el artículo 85, letra i), de la Ley autonómica 9/2010, de 4 noviembre, de aguas de Galicia, constituye infracción leve de la misma (sancionable con multa, en principio, de hasta 5.000,00 €) «la no presentación de declaración responsable para la navegación en aguas de competencia de la Administración hidráulica de Galicia».

c) De otro lado, la Confederación Hidrográfica Miño-Sil (<https://www.chminosil.es/es/>), ante quien debe practicarse la correspondiente declaración responsable, de conformidad con el artículo 51 del texto refundido de la Ley de aguas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 julio

— El organismo rector pone los impresos correspondientes a disposición del interesado (<https://www.chminosil.es/images/impresos/Declaracion-responsable-MinoSil-2018.pdf>).

## ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA

(pendente de ser traducido ao galego e adaptado á linguaxe inclusiva)

Alberto Arufe Varela, en representación del Club de Orientación Liceo de A Coruña,

EXPONE:

- 1.-Que el citado club solicitó la inclusión en el calendario oficial de la Federación Gallega de Orientación de una prueba organizada por el mismo, para formar parte de la XXVIII Liga Gallega de Orientación a Pie 2019.
- 2.-Que la Federación Gallega de Orientación, en la reunión de su Asamblea General de 22 diciembre 2019, aprobó la inclusión de dicha prueba en su calendario oficial, y la adjudicación de la organización al club solicitante de dicha prueba, a celebrarse en lugar y día indicados a continuación.
- 3.-Que la prueba en cuestión tendrá lugar en el área cartografiada del Barrio de las Flores de A Coruña, en la mañana del día 16 febrero, en horario aproximado de 10:00 a 14:00 horas, con la denominación V Memorial Pachi Arufe.

DECLARA:

- 1.-Que el club organizador ajusta la prueba a la reglamentación deportiva vigente en el seno de la Federación Gallega de Orientación, con inclusión de la observancia de los protocolos federativos COVID-19.
- 2.-Que el club organizador conoce sus obligaciones relativas a las autorizaciones sobre dominio privado, así como las concernientes a las autorizaciones administrativas pertinentes, en especial las derivadas (en lo que resulte aplicable) de la legislación vigente sobre tráfico, sobre zonas de especial conservación, sobre montes o terrenos forestales, sobre pruebas náutico-deportivas en aguas marítimas y sobre dominio público hidráulico.
- 3.-Que el club organizador conoce que forma parte de sus obligaciones realizar todos los trámites conducentes a la obtención de las autorizaciones en cuestión, así como cumplir los protocolos federativos COVID-19, para asegurarse de que la competición se pueda celebrar con garantías, con la cobertura federativa, informando puntualmente al respecto a la Federación.

SOLICITA:

Que se expida certificación federativa de adjudicación de organización de prueba oficial, en relación con la arriba identificada, haciendo constar que la misma se encuentra incluida en el calendario oficial de la Federación, en especial a los efectos de continuar la tramitación de otras autorizaciones pertinentes, de conformidad con la legislación vigente.

A Coruña, a 30 de noviembre de 2018 Fdo.: Alberto Arufe Varela

## ANEXO 5. PROTOCOLO FISICOVID FEGADO

### PROTOCOLO FISICOVID FEGADO de actuación para o retorno aos adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico.

**Marco xurídico para o retorno á organización de adestramentos e competicións oficiais en Galicia.** En cumprimento do convenio da resolución do 12 de xuño de 2020 da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e seguintes, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, a FEGADO a través da súa Xunta Directiva segundo o traballo coordinado pola Dirección Técnica redactan o seguinte protocolo, para volver á organización de adestramentos e competicións oficiais en Galicia.

**Obrigado cumprimento.** A integración do PROTOCOLO FISICOVID FEGADO como ANEXO 5 das Normas Anuais de FEGADO, confírelle o carácter de normativa de '*obrigado cumprimento para todos os competidores, delegados y outras persoas relacionadas coa organización o en contacto cos competidores*'.

**Onde se pode consultar.** Para a súa aplicación ha de contar coa aprobación expresa da Secretaría Xeral para o Deporte, que poderá ser total ou parcial. Unha vez validado, o PROTOCOLO FISICOVID FEGADO e as súas sucesivas actualizacións:

- Serán de obrigada observancia para todos os estamentos federativos.
- Deberán estar publicadas na web FEGADO, na sección TRANSPARENCIA, dentro do apartado COVID-19 [[ver PROTOCOLO FISICOVID Fegado](#)].

**Estrutura.** Consta dos seguintes bloques de información:

**1º BLOQUE DE TEXTO.** Capítulos 1 a 6. Son un primeiro bloque de texto que se corresponden cunha copia-espello do PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO básico de referencia común para todos os deportes segundo o redactado pola Secretaría Xeral para o deporte.

**2º BLOQUE DE TEXTO.** Capítulo 7 e 8. Introducción e puntos críticos do PROTOCOLO FISIVOCID FEGADO.

**3º BLOQUE DE TEXTO.** Capítulo 9 a 11. *Checklist* para deportistas, acompañantes e organizadores.

**4º INFOGRAFÍAS.** Guías de aplicación do protocolo FISICOVID FEGADO

Na competición Orientación a Pé en bosque | urbana

- Na competición Orientación en BTT | MTBO
- Na competición Raid de Orientación
- Na competición Orientación de precisión TRAIL-O

## 5º ANEXOS

**ANEXO I.** Declaración responsable de deportistas

**ANEXO II.** Requisitos de Admisión

**ANEXO III.** Declaración Responsable de club

**ANEXO IV.** Formulario de Información de competicións federadas celebradas en Galicia

**6º TÁBOAS adxuntas ao protocolo.** A información que serve de base á redacción do documento recóllese nunha serie de táboas, unha por cada especialidade. Cada unha delas identifica situacións de risco e propón medidas para reduci-lo para os momentos antes, durante e despois da actividade deportiva.

### I. Orientación a pé en bosque

#### I.1. ADESTRAMENTO

I.1.1. Staff propio |

I.1.2. Deportistas

I.1.3. Outros alleos

#### I.2. COMPETICIÓN

I.2.1. Staff propio

I.2.2. Deportistas

I.2.3. Outros alleos

### II. Orientación a pé urbana

#### II.1. ADESTRAMENTO

II.1.1. Staff propio

II.1.2. Deportistas

II.1.3. Outros alleos

#### II.2. COMPETICIÓN

II.2.1. Staff propio

II.2.2. Deportistas

II.2.3. Outros alleos

### III. Raid de orientación

#### III.1. ADESTRAMENTO

III.1.1. Staff propio

III.1.2. Deportistas

III.1.3. Outros alleos

#### III.2. COMPETICIÓN

- III.2.1. Staff propio
- III.2.2. Deportistas
- III.2.3. Outros alleos

**IV.  Orientación en BTT (MTBO)**

IV.1.  **ADESTRAMENTO**

IV.1.1. Staff propio

IV.1.2. Deportistas

IV.1.3. Outros alleos

IV.2.  **COMPETICIÓN**

IV.2.1. Staff propio

IV.2.2. Deportistas

IV.2.3. Outros alleos

**V.  Orientación de precisión (TRAIL-O)**

v.1.  **ADESTRAMENTO**

V.1.1. Staff propio

V.1.2. Deportistas

V.1.3. Outros alleos

v.2.  **COMPETICIÓN**

V.2.1. Staff propio

V.2.2. Deportistas

V.2.3. Outros alleos